

ACTA NÚMERO: 30/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE AGOSTO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 4 de agosto de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- Dona Alma María Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguraza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)". (Expte.- 2022029428).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Renovación do licenciamento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022039027).*
3. *Aprobación das valoracións acadadas no sobre B, correspondente á proposta avaliable mediante criterios que precisan dun xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos "Commerce Inside" e "Da túa man" enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation (Expte.- 2022035109)*
4. *Apertura electrónica dos sobres C, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos "Commerce Inside" e "Da túa man" enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation (Expte.- 2022035109)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)". (Expte.-2022029428).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022005097 de data 07 de xullo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra *Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08 de xullo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U..
- VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL
- ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
- NAROM SL
- CONSTRUCCIONES VALE SL
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	57.235,09 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	52.777,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	53.500,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	55.430,38 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	51.316,79 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	53.917,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	53.155,87 €	3%	36 MESES	NO	NO
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	54.003,80 €	3%	36 MESES	NO	NO
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	52.989,72 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa NAROM, S.L. (B-36163418), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular o baixo nivel de prezos coa desagregación do orzamento con prezos descompostos por partidas e resumo de



capítulos, acreditando que os custos de persoal estimáronse de acordo co convenio colectivo vixente para os traballadores que han de realizar os traballos, e as súas cotizacións sociais, rexeitándose a xustificación que non acrediten adecuadamente tales extremos.

2. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022039027).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do día 15 de xullo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da "Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 19 de xullo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- SEIDOR TECH, S.A. (NIF: A33204306)



- CADAC GROUP BV (NIF: NL856689439B01)
- NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949)

Os valores ofertados foron o seguintes:

SEIDOR TECH, S.A. (A33204306)

Prezo ofertado a tanto alzado (para 3 anos de contrato):

Importe sen o IVE:	95.036,00 €
IVE (21%):	19.957,56 €
Importe total ofertado:	114.993,56 €

CADAC GROUP BV (NL856689439B01)

Prezo ofertado a tanto alzado (para 3 anos de contrato):

Importe sen o IVE:	88.530,05 €
IVE (21%):	18.591,40 €
Importe total ofertado:	107.121,90 €

NKE CAD SYSTEMS SL (B86798949)

Prezo ofertado a tanto alzado (para 3 anos de contrato):

Importe sen o IVE:	88.108,39 €
IVE (21%):	18.502,76 €
Importe total ofertado:	106.611,15 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación acadada polas empresas é a seguinte:

Empresa	Puntuación
SEIDOR TECH, S.A. (NIF: A33204306)	67,425 puntos
CADAC GROUP BV (NIF: NL856689439B01)	97,354 puntos
NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949)	99,368 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas neste procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra”:
 - SEIDOR TECH, S.A. (NIF: A33204306)



- CADAC GROUP BV (NIF: NL856689439B01)
- NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949)

2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “*Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra*”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949)	99,368 puntos
2ª	CADAC GROUP BV (NIF: NL856689439B01)	97,354 puntos
3ª	SEIDOR TECH, S.A. (NIF: A33204306)	67,425 puntos

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, a adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “*Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra*”, á empresa NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949) que alcanzou a maior puntuación de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 88.108,39 €
 IVE (21%) 18.502,76 €
 Importe Total 106.611,15 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949), proposta como adjudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa NKE CAD SYSTEMS SL (NIF: B86798949), proposta como adjudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector. Entre a documentación que debe aportar figura a seguinte:
- Documentación acreditativa da solvencia técnica
 - Documento que acredita a constitución da garantía definitiva importe de 4.405,42 €

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadar a mesma documentación á empresa licitadora seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.



3. Aprobación das valoracións acadadas no sobre B, correspondente á proposta avaliabile mediante criterios que precisan dun xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation (Expte.- 2022035109).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 3 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de xuño de 2022, aparecendo publicado o día 8 de xuño de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 109-307135), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 e xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE SEYS MEDIOAMBIENTE, S.L. (NIF: B-86.193.927)- PROCONSI, S.L. (NIF: B-24.208.100) - BOSONIT, S.L. (NIF: B-26.527.523).
- UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397).
- UTE CIBERNOS CONSULTING S.A (NIF: A-46.354.429) - INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. (NIF: B-82.342.221) - CIBERNOS SISTEMAS S.L. (NIF: B-03.243.110).

Os Xefes de Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, Manuel Corujo Castro, e do Servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes, en colaboración co Xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, con data 2 de agosto de 2022, emitiron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	UTE SEYS MEDIOAMBIENTE, S.L. - PROCONSI, S.L. - BOSONIT, S.L.	UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	UTE CIBERNOS CONSULTING S.A - INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. - CIBERNOS SISTEMAS S.L.
1. Arquitectura proposta, ata un máximo de 10 puntos	7,00	10,00	2,00



Arquitectura da solución proposta, ata un máximo de 5 puntos	5,00	5,00	1,00
Claridade e o grao de detalle na explicación, ata un máximo de 5 puntos	2,00	5,00	1,00
2. Deseño gráfico do Portal web e da aplicación móbil , ata un máximo de 7 puntos.	4,00	7,00	0,00
3. Proposta para o módulo de xestión de contidos de zonas comerciais , ata un máximo de 7 puntos	1,00	7,00	0,00
4. Módulo de intelixencia comercial , ata un máximo de 6 puntos	4,50	5,00	1,00
5. Módulo de recollida de pedidos de forma colaborativa , ata un máximo de 5 puntos	2,00	5,00	1,00
6. Módulo de xestión de puntos de recollida intelixente , ata un máximo de 5 puntos	3,00	4,00	1,00
PUNTUACION SOBRE B	21,50	38,00	5,00

A Mesa de Contratación en base ó informe dos Xefes de Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, Manuel Corujo Castro, e do Servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes, en colaboración co Xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, de data 2 de agosto de 2022, acorda:

- 1) Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación da “Implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation”.
 - 2) Que non se proceda á apertura do sobre “B”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola UTE CIBERNOS CONSULTING S.A - INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. - CIBERNOS SISTEMAS S.L., con motivo de non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima (40 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.
- 4. Apertura electrónica dos sobres C, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation (Expte.-2022035109).**



O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación da “implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation”:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	UTE SEYS MEDIOAMBIENTE, S.L. - PROCONSI, S.L. - BOSONIT, S.L.	UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	UTE CIBERNOS CONSULTING S.A - INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. - CIBERNOS SISTEMAS S.L.
1. Arquitectura proposta, ata un máximo de 10 puntos	7,00	10,00	2,00
Arquitectura da solución proposta, ata un máximo de 5 puntos	5,00	5,00	1,00
Claridade e o grao de detalle na explicación, ata un máximo de 5 puntos	2,00	5,00	1,00
2. Deseño gráfico do Portal web e da aplicación móbil, ata un máximo de 7 puntos.	4,00	7,00	0,00
3. Proposta para o módulo de xestión de contidos de zonas comerciais, ata un máximo de 7 puntos	1,00	7,00	0,00
4. Módulo de intelixencia comercial, ata un máximo de 6 puntos	4,50	5,00	1,00
5. Módulo de recollida de pedidos de forma colaborativa, ata un máximo de 5 puntos	2,00	5,00	1,00
6. Módulo de xestión de puntos de recollida intelixente, ata un máximo de 5 puntos	3,00	4,00	1,00
PUNTUACION SOBRE B	21,50	38,00	5,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres “C” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a contratación da devandita subministración e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (40 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



O valores ofertados foron os seguintes:

UTE SEYS MEDIOAMBIENTE, S.L. - PROCONSI, S.L. - BOSONIT, S.L.

Prezo ofertado total:

	IMPLANTACIÓN	MANTEMENTO
Importe sen o IVE:	701.100,00 €	71.161,65 €
IVE (21 %):	147.231,00 €	14.943,95 €
Importe total ofertado:	848.331,00 €	86.105,60 €

OUTROS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN	Nº DE HORAS OFERTADAS	
Nº de horas ofertadas pola empresa para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento (máximo 3600 horas)	3600 Horas	
	Nº DE PUNTOS DE ACCESO (AP) ADICIONAIS OFERTADOS	
Nº de puntos de acceso (AP) adicionais a maiores do mínimo establecido no PPT (20 puntos)	10 puntos adicionais	
	SI	NON
A empresa licitadora oferta un Servizo help desk con dispoñibilidade 8x6 (*)		NON
A empresa licitadora oferta un Servizo help desk con dispoñibilidade 8x7 (*)	SI	
A empresa licitadora inclúe inglés nos interfaces de usuario	SI	

UTE PROXY SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

Prezo ofertado total:

	IMPLANTACIÓN	MANTEMENTO
Importe sen o IVE:	782.263,76 €	0,00 €
IVE (21 %):	164.275,39 €	0,00 €
Importe total ofertado:	946.539,15 €	0,00 €

OUTROS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN	Nº DE HORAS OFERTADAS	
Nº de horas ofertadas pola empresa para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento (máximo 3600 horas)	3600 h	
	Nº DE PUNTOS DE ACCESO (AP) ADICIONAIS OFERTADOS	
Nº de puntos de acceso (AP) adicionais a maiores do mínimo establecido no PPT (20 puntos)	5 puntos	
	SI	NON
A empresa licitadora oferta un Servizo help desk con dispoñibilidade 8x6 (*)		
A empresa licitadora oferta un Servizo help desk con dispoñibilidade 8x7 (*)	X	



A empresa licitadora inclúe inglés nos interfaces de usuario	X	
--	---	--

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e dez minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

